



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudios das
identidades

Florderrei - Arzádegos (Santa Baia) - Vilardevós, 1981-03

Informante: Veciña de Florderrei

Compiladora: Dorothé Schubarth

Transcripción: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina

Canto da seitura

“¿Por qué non cantas, Elena,
ai, á sombra dunha nogheira?”

“Porque mi padre se ha muerto,
mi marido va en la guerra.”

“¿Cuánto deras tu, Elena,
ai, a quen cho eiquí trouxera?”

“Dera ouro, dera plata,
ai, dera todo o que eu tuvera.”

“¿Cuánto más deras, Elena,
ai a quen aquí cho trouxera?”

“Dera ouro, dera plata,
ai, dera cuanto eu tuvera,

de tres muíños que tiña,
ai, a escoller neles che eu dera,

de tres vacadas que tengo
ai, millor delas che eu dera.”

“¿Cuánto más deras, Elena,
ai, a quen eiquí cho trouxera?”

“De tres hijas que tengo
ai, a escoller nelas che eu dera.”

“Esas tres hijas, Elena,
ai, de mis entrañas salieron.”

“Se tu ére-lo meu marido
ai, non me esteas dando pena.”